Resolución reitoral do 4 de marzo de 2020 relativa a vacacións, permisos, licenzas e xornada do Persoal Docente e Investigador da Universidade de Santiago de Compostela

MODIFICACIÓNS

Resolución reitoral de 21 de xuño de 2021, pola que se modifica a resolución reitoral do 4 de marzo de 2020 relativa a vacacións, permisos, licenzas e xornada do persoal docente e investigador da Universidade de Santiago de Compostela

Punto 4.2 modificado por Resolución reitoral de 21 de xuño de 2021.

O réxime sobre as vacacións, permisos e licenzas do persoal docente e investigador da Universidade de Santiago de Compostela atopábase regulado pola Resolución Reitoral do 7 de marzo de 2018. Sen embargo, as modificacións normativas incorporadas no texto refundido da Lei do Estatuto do empregado público, polo Real Decreto-lei 6/2019, de 1 de marzo, de medidas urxentes para garantir a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e a ocupación, en materia de permisos de nacemento, adopción, do proxenitor diferente da nai biolóxica e lactación, fan preciso unha nova adaptación normativa interna.

Así mesmo, o título VI da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que regula no seu capítulo IV o réxime de vacacións, permisos e licenzas modificouse pola entrada en vigor da Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Pola súa banda, o Real Decreto 898/1985, sobre o réxime do profesorado universitario, contempla especificamente as licenzas do PDI a efectos e docencia e investigación, e no ámbito da USC, o II Convenio colectivo para o persoal docente e investigador laboral das Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo regula esta materia no seu título II.

Tendo en conta a obriga de adaptar a normativa interna que sobre este tema se aprobara no 2019, esta resolución actualiza, para o persoal docente e investigador (PDI) da USC, a regulación recollida nos apartados 2.2, no que se refire á ampliación do período de desfrute das vacacións; 3.11, no que se refire tanto á actualización do permiso do proxenitor diferente da nai biolóxica por nacemento, garda con fins de adopción, acollemento ou adopción dun fillo ou filla, como ao procedemento a seguir para que os permisos se poidan gozar en xornada a

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

tempo parcial ou ben de xeito interrompido; 4.2, no que se refire á concreción dos períodos sen desconto de retribucións; 6.3, no que se refire ao período de semana santa e nadal. Ademais, tamén se engade unha nova disposición adicional na que se recolle unha remisión xeral ao que estableza a Xerencia da USC no que teña que ver, entre outros, co calendario de días festivos non recuperables.

É por isto polo que, logo da correspondente negociación cos órganos de representación do PDI, e tendo en conta o acordo da Mesa de Negociación do PDI do día 26 de febreiro de 2020, a Universidade de Santiago de Compostela, en uso das atribucións e competencias que me son propias, esta reitoría resolve:

PRIMEIRO. CONSIDERACIÓNS XERAIS DE APLICACIÓN

1.1. O disposto nesta normativa será de aplicación a todo o persoal docente e investigador da Universidade de Santiago de Compostela, ben pertenza aos corpos de funcionarios/as docentes universitarios ou ao persoal laboral incluído no ámbito de aplicación do II Convenio colectivo para o persoal docente e investigador laboral das Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo.

1.2. Rexeranse polas súas normas específicas as licenzas por incapacidade temporal e por período sabático, así como os permisos para realizar funcións sindicais ou de representación do persoal, nos termos que se determine.

1.3. Para a concesión de permisos e licenzas, así como para o goce de vacacións fóra do mes de agosto, outro/a profesor/a da área ou departamento deberá asumir as obrigas do profesor /a de permiso respecto ao alumnado (titorías, corrección de exames, tarefas de xestión, clases) mediante declaración expresa. Exceptúase a obrigatoriedade da declaración expresa nos períodos non lectivos (Semana Santa, Nadal e Entroido), no suposto de que o solicitante non teña obrigas programadas de atención ao alumnado nese período (titorías, corrección de exames, tarefas de xestión, clases) ou ben cando estas sexan cubertas polo solicitante con anterioridade ou con posterioridade ao período solicitado.

Así mesmo, exclúense desta obriga as licenzas e permisos recollidos nos apartados 3.2 Por falecemento, accidente ou enfermidade grave dun familiar; 3.3 Permiso por accidente ou enfermidade moi grave; 3.5. Permiso por matrimonio ou unión de feito; 3.7 Permiso para a realización de funcións sindicais; 3.8 Permiso para concorrer a exames finais e demais probas definitivas de aptitude; 3.11 Permisos relacionados co nacemento, adopción, do proxenitor diferente á nai biolóxica e lactancia; 3.12 Permiso por razón de violencia de xénero sobre a muller; 4.4 Licenzas por risco no embarazo ou durante o período de lactación natural; 4.5 Licenzas por enfermidade; 4.6 Licenzas para supostos de hospitalización prolongada; e 4.7 Redución de xornada por coidado de familiares.

1.4. O período no que se gocen as vacacións, as licenzas en xeral, e en concreto as licenzas por razóns de estudos e asuntos propios, subordinarase ás necesidades do servizo.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Salvo causa xustificada, os días de vacacións fóra do mes de agosto, así como os permisos aos que se teñan dereito deberán gozarse dentro dos períodos non lectivos e os vacacionais do alumnado.

1.5. Os cambios de vacacións, e os permisos e licenzas deberán solicitarse cunha antelación de 15 e 10 días respectivamente. Os permisos de duración inferior a unha semana solicitaranse antes do seu goce e con antelación suficiente para a súa tramitación. O incumprimento deste prazo poderá dar lugar á denegación da solicitude, sen prexuízo do disposto no punto 1.7.

Os permisos e licenzas non delegados, así como os dos/as decanos/as e directores/as de Centros e os cambios de vacacións, serán autorizados pola Vicerreitoría con competencias en materia de profesorado. A sinatura destas autorizacións respecto do profesorado con destino no campus de Lugo delégase na Vicerreitoría con competencias en profesorado do Campus de Lugo. Estas solicitudes deberán tramitarse a través do Centro onde teña a actividade docente principal o profesorado que o solicite.

1.6. Sen prexuízo doutras medidas que puidesen adoptarse, e conforme ao disposto no artigo 30.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, a parte da xornada non realizada por ausencia inxustificada dará lugar á dedución proporcional de haberes, que non terá carácter sancionador.

1.7. O motivo dos dereitos a licenzas ou permisos recollidos nos apartados terceiro e cuarto deberanse acreditar, en xeral, no momento de solicitarse, salvo que pola propia natureza do feito só poida xustificarse despois.

Exclúense da necesidade de xustificación os permisos e licenzas recollidos nos puntos 3.1. Permiso por asuntos particulares; 4.1. Licenza por asuntos propios; e 4.3. Licenza para perfeccionamento docente.

Os permisos e licenzas que teña que resolver a Vicerreitoría con competencias en materia de profesorado deberán ser informadas polo Departamento responsable da docencia e/ou polo /a director/a do Centro onde se imparta a dita docencia.

SEGUNDO. VACACIÓNS

2.1. O persoal docente e investigador da USC terá dereito a gozar durante o ano natural dunhas vacacións retribuídas de 22 días hábiles, ou dos días que correspondan proporcionalmente polo tempo de servizo prestado, redondeándose á alza (maior ou igual a 0.5) a favor da persoa solicitante. A estes efectos, non se considerarán como días hábiles os sábados.

No suposto de ter completado os anos de antigüidade que de seguido se indican na administración pública, terase dereito ao goce dos seguintes días adicionais de vacacións anuais:

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

-Quince anos de servizo: 1 día hábil adicional

-Vinte anos de servizo: 2 días hábiles adicionais

-Vinte e cinco anos de servizo: 3 días hábiles adicionais

-Trinta anos de servizo: 4 días hábiles adicionais

Os días adicionais de vacacións poderanse gozar, de acordo coa solicitude da persoa interesada, sen establecemento de períodos mínimos, dende o día seguinte ao do cumprimento dos correspondentes anos de servizo, e serán proporcionais ao tempo de servizos prestados dentro do ano natural.

2.2. Con carácter xeral, o período de vacacións anuais gozarase no mes de agosto sen necesidade de autorización expresa. De xeito excepcional, poderanse autorizar as vacacións noutro período no que o profesorado non teña asignada docencia, e como máximo ata o día 31 de xaneiro do ano seguinte.

Os días de vacacións adicionais que se engadan, ben inmediatamente antes ou inmediatamente despois do mes de agosto, serán autorizados polo/a Decano/a ou Director/a de Centro. Fóra dese período deberán ser autorizados pola Vicerreitoría con competencias en materia de profesorado.

2.3. Cando as situacións de permiso por nacemento para a nai biolóxica, incapacidade temporal, risco durante a lactación ou risco durante o embarazo impidan iniciar o goce das vacacións dentro do ano natural ao que correspondan, ou cando unha vez iniciado o período vacacional sobreviñese unha das devanditas situacións, o período vacacional poderase gozar aínda que terminase o ano natural a que correspondan e sempre que non transcorresen máis de dezaoito meses a partir do final do ano en que se orixinaron.

2.4. As solicitudes de cambio de vacacións e días adicionais deberán realizarse a través da secretaría virtual do profesorado.

TERCEIRO. PERMISOS RETRIBUÍDOS

O persoal docente e investigador da USC terá dereito aos seguinte permisos retribuídos:

3.1. Permiso por asuntos particulares.- Ao longo do ano, e atendendo sempre ás necesidades do servizo, o PDI terá dereito a 9 días de permiso por asuntos particulares ou aos días que correspondan proporcionalmente polo tempo de servizos prestados, redondeándose á alza (maior ou igual a 0.5) a favor da persoa solicitante. Para estes efectos, os períodos de incapacidade temporal computarán como servizos efectivos prestados.

Ademais, gozarán de dous días adicionais de permiso por asuntos particulares dende o día seguinte ao do cumprimento do sexto trienio, incrementándose o número total de días de permiso nun día adicional por cada trienio cumprido a partir do oitavo.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

Cando un festivo de ámbito nacional ou autonómico de carácter retribuído non recuperable coincida en sábado ou domingo e non se substitúa por outro, o PDI poderá gozar dun día máis de asuntos particulares.

Este permiso gozarase preferentemente fóra das xornadas nas que o persoal teña obrigas docentes. Se por necesidades do servizo non fora posible facer uso del ao longo do ano, poderá concederse ata o día 15 de xaneiro do ano seguinte. Tamén poderá acumularse ao período de vacacións sempre e cando non afecte as obrigas docentes.

3.2. Permiso por falecemento ou accidente ou enfermidade graves dun familiar.- No caso de falecemento, de accidente ou enfermidade graves, ou de hospitalización ou intervención cirúrxica sen hospitalización que precise repouso domiciliario do/da cónxuxe ou parella de feito ou dun familiar dentro do primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, disporase de tres días hábiles cando o suceso se produza na mesma localidade, e cinco días hábiles cando se produza en distinta localidade.

Cando se trate do falecemento, de accidente ou enfermidade graves, ou de hospitalización ou intervención cirúrxica sen hospitalización que precise repouso domiciliario dun familiar dentro do segundo grao de consanguinidade ou afinidade, a duración do permiso será de dous días hábiles cando se produza na mesma localidade e de catro días hábiles cando se produza en distinta localidade.

3.3. Permisos por accidente ou enfermidade moi graves dun familiar.- Nos casos de accidente ou enfermidade moi graves do/da cónxuxe ou parella de feito ou dun familiar dentro do primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, o persoal docente e investigador da USC ten dereito a un permiso para atender ao coidado desas persoas cunha duración máxima de trinta días naturais.

Cada accidente ou enfermidade xera o dereito a un único permiso. Os trinta días naturais de duración máxima poden distribuírse en un ou en varios períodos.

3.4. Permiso por traslado de domicilio.- O PDI ten dereito a un permiso por traslado de domicilio dun día natural de duración se o traslado ten lugar dentro da mesma localidade e de dous días naturais se implica cambio de residencia a outra localidade.

Se a unidade familiar está integrada por dúas ou máis persoas, a duración do permiso previsto neste artigo é de dous días naturais se ten lugar dentro da mesma localidade e de catro días naturais se implica cambio de residencia a outra localidade.

3.5. Permiso por matrimonio ou unión de feito.- Nos casos de matrimonio ou unión de feito, o persoal docente e investigador ten dereito a un permiso retribuído de quince días naturais ininterrompidos.

3.6. Permiso para o cumprimento de deberes inescusables de carácter público ou persoal e deberes relacionados coa conciliación da vida familiar e laboral e de asistencia a consultas e

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

revisións médicas.- O persoal docente e investigador terá dereito aos permisos necesarios para o cumprimento de deberes inescusables de carácter público ou persoal polo tempo indispensable.

O persoal docente e investigador terá tamén dereito a ausentarse do seu posto de traballo durante o tempo indispensable para a asistencia a consultas e revisións médicas, sempre que estas se deban realizar durante a xornada laboral e se atopen incluídas na carteira de servizos do sistema sanitario público.

3.7. Permisos para a realización de funcións sindicais.- O PDI da USC terá dereito aos permisos necesarios para a realización de funcións sindicais ou de representación do persoal nos termos que se determinen.

3.8. Permiso para concorrer a exames finais, probas definitivas de aptitude e probas selectivas no ámbito do emprego público.- O PDI da USC ten dereito a un permiso para concorrer a exames finais ou outras probas definitivas de aptitude, así como para concorrer a probas selectivas no ámbito do emprego público. A duración deste permiso abranguerá os días da súa celebración.

3.9. Permiso por festividade propia do Centro de traballo e festas locais.- O PDI gozará tamén do día no que, consonte ao calendario académico aprobado, se celebre a festividade propia do seu Centro de traballo (patrón/a).

Cando un festivo de ámbito local de carácter retribuído non recuperable coincida en sábado ou domingo e non se substitúa por outro o PDI poderá gozar dun día máis de asuntos particulares.

3.10. Permiso para a participación en comisións de selección de persoal doutras institucións, tribunais de teses, actividades relacionadas coas axencias oficiais de calidade e acreditación da administración educativas e outras tarefas de natureza asimilable.- A autorización para participar nestas actividades solicitarase ao reitor con antelación suficiente, achegando a invitación ou a proposta de nomeamento, así como o programa ou a declaración sobre a estimación de datas para as que se solicita autorización.

Esta solicitude deberá contar co informe favorable do departamento e a declaración de que as obrigas docentes quedan debidamente cubertas, conforme se establece nesta resolución.

Salvo que a autorización dispoña outra cousa en función da actividade a desenvolver, esta participación non dará lugar a ningún tipo de indemnización ou retribución por parte da USC.

Cando a designación ou nomeamento sexa para unha actividade que implique unha duración continuada no tempo, deberá solicitarse unha autorización inicial. O resto dos días de ausencia notificaranse a través dunha comunicación previa de ausencia autorizada.

3.11. Permisos relacionados co nacemento, adopción, acollemento, proxenitor diferente da nai biolóxica e lactación.- O persoal docente e investigador da USC terá dereito ás seguintes licenzas.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

3.11.1. Permisos para a realización de exames prenatais e técnicas de preparación ao parto polas mulleres embarazadas. As profesoras da USC embarazadas terán dereito aos permisos necesarios para a realización de exames prenatais e técnicas de preparación ao parto. O PDI terá dereito aos permisos necesarios para acompañar ao/a cónxuxe ou á parella de feito á realización de exames prenatais e técnicas de preparación ao parto.

3.11.2. Permisos para a realización de tratamentos de fecundación asistida. O PDI ten dereito aos permisos retribuídos necesarios para a realización de tratamentos de fecundación asistida. A duración deste permiso limitarase ao tempo preciso para a práctica dos ditos tratamentos e a súa concesión estará condicionada á xustificación previa da necesidade de realización dentro da xornada de traballo. De xustificarse a necesidade de desprazamento para recibir o tratamento, a duración do permiso será de dous días hábiles.

O persoal docente e investigador ten dereito aos permisos necesarios para acompañar o cónxuxe ou a parella de feito á realización de tratamentos de fecundación asistida, nos termos establecidos pola alínea anterior.

3.11.3. Permiso por xestación. As profesoras en estado de xestación poderán gozar dun permiso retribuído a partir do día primeiro da semana 37 de embarazo ata a data do parto. No suposto de xestación múltiple, este permiso poderá iniciarse o primeiro día da semana 35 de embarazo, ata a data de parto.

3.11.4. Permiso por lactación dun fillo ou dunha filla menor de doce meses. O persoal docente e investigador da USC ten dereito a ausentarse do posto de traballo durante unha hora diaria, que se pode dividir en dúas fraccións. Este dereito poderá substituírse por unha redución da xornada normal en media hora ao inicio ou ao fin da xornada coa mesma finalidade, a elección da persoa titular do dereito.

Este permiso constitúe un dereito individual dos/as empregados/as públicos, sen que poida transferirse o seu exercicio ao outro proxenitor, adoptante, gardador/a ou acolledor/a.

Poderase solicitar a substitución do tempo de lactación por un permiso retribuído que se acumule total ou parcialmente en xornadas completas ao tempo correspondente.

Esta modalidade poderase gozar unicamente a partir da finalización do permiso de nacemento, adopción, garda, acollemento ou do outro proxenitor diferente da nai biolóxica respectivo, ou unha vez que transcorrera un tempo equivalente ao que comprenden os citados permisos.

Nos supostos de adopción ou acollemento, o dereito ao permiso por lactación pode exercerse durante o ano seguinte á efectividade da resolución xudicial ou administrativa de adopción ou acollemento, sempre que no momento desa efectividade o menor non teña cumpridos os doce meses.

Nos supostos de parto, adopción ou acollemento múltiple, a duración do permiso por lactación incrementarase en proporción ao número de fillos.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

3.11.5 Por nacemento de fillas ou fillos que deban permanecer hospitalizadas/os a continuación do parto. Nos casos de nacemento de fillos ou fillas prematuras ou que por calquera outra causa deban permanecer hospitalizados/as a continuación do parto, o PDI ten dereito a ausentarse do posto de traballo durante un máximo de dúas horas diarias, mentres dure o período de hospitalización, percibindo as retribucións íntegras.

Así mesmo, terá dereito a reducir a súa xornada de traballo ata un máximo de dúas horas, coa diminución proporcional das súas retribucións.

3.11.6. Permiso por nacemento para a nai biolóxica. Terá unha duración de vinte e dúas semanas, das que as seis semanas inmediatas posteriores ao parto serán en todo caso de descanso obrigatorio e ininterrompidas. Este permiso ampliarase en dúas semanas máis no suposto de discapacidade do fillo ou filla e, por cada fillo ou filla a partir do segundo nos supostos de parto múltiple, unha para cada un dos proxenitores.

No caso de que ambos os proxenitores traballen e transcorridas as seis primeiras semanas de descanso obrigatorio, as dez semanas seguintes do período de goce deste permiso poderase levar a cabo a vontade daqueles, de maneira interrompida e exercitarse desde a finalización do descanso obrigatorio posterior ao parto ata que o fillo ou a filla cumpra doce meses. No caso do goce interrompido requirirase, para cada período de goce, un preaviso de polo menos 15 días e realizarase por semanas completas.

As seis semanas restantes serán inmediatamente posteriores á finalización da semana dezaseis.

Este permiso poderá gozarse a xornada completa ou a tempo parcial, cando as necesidades do servizo o permitan.

Nos casos de parto prematuro e naqueles en que, por calquera outra causa, o neonato deba permanecer hospitalizado a continuación do parto, este permiso ampliarase en tantos días como o neonato se atope hospitalizado, cun máximo de trece semanas adicionais.

Nos casos de falecemento da nai, o exercicio deste dereito ao permiso corresponderá ao outro proxenitor, descontándose, de ser o caso, o período de desfrute do permiso consumido pola nai.

Durante o goce deste permiso, é unha vez finalizadas as seis primeiras semanas de descanso obrigatorio, poderase participar nos cursos de formación que convoque a Administración.

3.11.7. Permiso por adopción ou acollemento. Nos casos de adopción ou acollemento tanto preadoptivo como permanente ou simple, o PDI terá dereito a un permiso retribuído de vinte e dúas semanas ininterrompidas. Este permiso ampliarase en dúas semanas máis no suposto de discapacidade do menor adoptado ou acollido e por cada fillo, a partir do segundo, nos supostos de adopción ou acollemento múltiple, unha para cada un dos proxenitores.

O cómputo do prazo contarase á elección do membro do PDI, a partir da decisión administrativa ou xudicial de acollemento ou a partir da resolución xudicial pola que se

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

constitúa a adopción, sen que en ningún caso un mesmo menor poida dar dereito a varios períodos de goce deste permiso.

No caso de que ambos os proxenitores traballen e transcorridas as seis primeiras semanas de descanso obrigatorio, o período de goce deste permiso poderase levar a cabo a vontade daqueles, de maneira interrompida e exercitarse desde a finalización do descanso obrigatorio posterior ao parto ata que o fillo ou a filla cumpra doce meses. Se o menor adoptado é maior de 12 meses, estas 10 semanas teranse que gozar de maneira ininterrompida. No caso do goce interrompido requirirase, para cada período de goce, un preaviso de polo menos 15 días e realizarase por semanas completas.

Este permiso poderá gozarse a xornada completa ou a tempo parcial, cando as necesidades do servizo o permitan.

Durante o goce deste permiso poderase participar nos cursos de formación que convoque a Administración.

Os supostos de adopción ou acollemento, tanto preadoptivo como permanente ou simple, previstos neste artigo serán os que así se establezan no Código Civil ou nas leis civís da Comunidade Autónoma de Galicia que os regulen, debendo ter o acollemento simple unha duración non inferior a un ano.

3.11.8. Especialidades nos casos de adopción ou acollemento internacional. No caso de adopción ou acollemento internacional, se for necesario o desprazamento ao país de orixe do menor, terase dereito a un permiso de ata tres meses de duración, fraccionables a elección da persoa titular do dereito.

Durante este período percibiranse exclusivamente as retribucións básicas.

Este permiso pode iniciarse ata catro semanas antes da efectividade da resolución xudicial pola que se constitúa a adopción ou da efectividade da decisión administrativa ou xudicial de acollemento.

3.11.9. Permiso do proxenitor diferente da nai biolóxica por nacemento, garda con fins de adopción, acollemento ou adopción dun fillo ou filla. Este permiso terá unha duración de doce semanas, das que as catro semanas inmediatas posteriores ao parto serán en todo caso de descanso obrigatorio e ininterrompidas. Este permiso ampliarase en dúas semanas máis no suposto de discapacidade do fillo ou filla e, por cada fillo ou filla a partir do segundo nos supostos de parto múltiple, unha para cada un dos proxenitores.

No caso de que ambos os proxenitores traballen e transcorridas as catro primeiras semanas de descanso obrigatorio, o período de goce deste permiso poderase levar a cabo a vontade daqueles, de maneira interrompida e exercitarse desde a finalización do descanso obrigatorio posterior ao parto ata que o fillo ou a filla cumpra doce meses. No caso do goce interrompido requirirase, para cada período de goce, un preaviso de polo menos 15 días e realizarase por semanas completas.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

No caso de adopción e acollemento, unha vez transcorridas as seis primeiras semanas de descanso obrigatorio, o período de goce do resto do permiso poderase levar a cabo a vontade do proxenitor, de maneira interrompida e exercitarse dende o descanso obrigatorio ata que o fillo ou a filla cumpra doce meses. Se o menor adoptado é maior de 12 meses, estas 10 semanas teranse que gozar de maneira ininterrompida. No caso do goce interrompido requirirase, para cada período de goce, un preaviso de polo menos 15 días e realizarase por semanas completas.

Este permiso poderá gozarse a xornada completa ou a tempo parcial, cando as necesidades do servizo o permitan.

No caso de que se optara por gozar do presente permiso con posterioridade á semana doce do permiso por nacemento, se o proxenitor que goza deste último permiso solicitase a acumulación do tempo de lactación dun fillo menor de doce meses en xornadas completas, será á finalización dese período cando se dará inicio ao cómputo das semanas restantes do permiso do proxenitor diferente da nai biolóxica.

Durante o goce deste permiso, e unha vez finalizadas as catro primeiras semanas de descanso obrigatorio, poderase participar nos cursos de formación que convoque a Administración.

O persoal docente e investigador que estea gozando dos permisos por nacemento para a nai biolóxica ou adopción, garda con fins de adopción ou acollemento pode facer uso do previsto neste punto, inmediatamente a continuación da finalización do período de duración de aquel nos seguintes supostos:

a) Cando a persoa titular do dereito falecera antes da utilización íntegra do permiso.

b) Se a filiación do outro proxenitor non estivera determinada.

c) Cando na resolución xudicial ditada en proceso de nulidade, separación ou divorcio, iniciado antes da utilización do permiso, se recoñecera á persoa que o está desfrutando a garda legal do fillo ou filla.

Nos casos previstos nos apartados 3.11.6, 3.11.7 e 3.11.8, o tempo transcorrido durante o goce destes permisos computarase como de servizo efectivo para todos os efectos, garantíndose a plenitude de dereitos económicos da interesada e, se é o caso, do outro proxenitor, durante todo o período de duración do permiso, e, se é o caso, durante os períodos posteriores ao goce deste se, de acordo coa normativa aplicable, o dereito a percibir algún concepto retributivo se determina en función do período de goce do permiso.

As persoas que fagan uso do permiso por nacemento para a nai biolóxica, permiso por adopción, garda con fins de adopción ou acollemento ou permiso do proxenitor diferente a nai biolóxica por nacemento, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, terán dereito, unha vez rematado o período de permiso, a reintegrarse ao seu posto de traballo

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

nos termos e nas condicións que lles resulten menos desfavorables ao goce do permiso, así como a beneficiarse de calquera mellora nas condicións de traballo ás que puidesen ter dereito durante a súa ausencia.

Cando os permisos se poidan gozar en xornada a tempo parcial, corresponderalle á Vicerreitoría en competencias en materia de profesorado valorar, previo informe do Departamento ao que está adscrita o profesor ou profesora beneficiario, as necesidades docentes. Esta Vicerreitoría será a responsable de asinar, de ser o caso, o acordo de realización da xornada a tempo parcial. A realización deste acordo deberá solicitarse cunha antelación mínima dun mes con respecto á data de inicio do goce deste permiso a tempo parcial.

Cando os permisos recollidos neste apartado se poidan gozar de xeito interrompido, o profesor ou profesora beneficiario presentará, co obxecto de poder planificar a actividade docente da área á pertenza, un plan xeral de desfrute do permiso.

3.12. Permiso por razón de violencia de xénero sobre a muller.- As faltas de asistencia das mulleres vítimas de violencia de xénero, totais ou parciais, terán a consideración de xustificadas polo tempo e nas condicións en que así o determinen os servizos sociais de atención ou de saúde segundo proceda.

Así mesmo, as vítimas de violencia sobre a muller, para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito de asistencia social integral, terán dereito á redución da xornada con diminución proporcional da retribución, ou a reordenación do tempo de traballo, a través da adaptación do horario, da aplicación do horario flexible ou doutras formas de ordenación do tempo de traballo que sexan aplicables, nos termos que para estes supostos estableza o plan de igualdade de aplicación ou, no seu defecto, a Administración Pública competente en cada caso.

No suposto enunciado no parágrafo anterior, a profesora manterá as súas retribucións íntegras canda reduza a súa xornada en un terzo ou menos.

Deléganse nos decanos/as e directores/as de Centro os seguintes permisos: 3.1. Permiso por asuntos particulares; 3.2. Permiso por falecemento, accidente ou enfermidade grave dun familiar; 3.4. Permiso por traslado de domicilio; 3.6. Permisos por un deber persoal e inescusable e deberes relacionados coa conciliación da vida familiar e laboral; 3.7. Permisos para a realización de funcións sindicais; 3.8. Permiso para concorrer a exames finais, probas definitivas de aptitude e probas selectivas no ámbito do emprego público; e o permiso recollido no segundo parágrafo do punto 3.9. Permiso por festividade propia do Centro de traballo e festas locais.

CUARTO. LICENZAS

4.1. Licenza por asuntos propios.- Poderán concederse licenzas por asuntos propios sen retribución sempre que a duración acumulada non exceda de tres meses cada dous anos de prestación efectiva de servizos.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

A concesión desta licenza quedará subordinada, en todo caso, ás necesidades de servizo.

4.2. Licenza a efectos de docencia e investigación.- Poderanse conceder licenzas por estudos para realizar actividades docentes ou investigadoras vinculadas a unha universidade, institución ou centro, nacional ou estranxeiro, no marco das dispoñibilidades orzamentarias.

Esta licenza debe ter relación directa co ámbito docente e investigador do solicitante, podendo denegarse de non xustificarse tal extremo.

As retribucións a percibir serán as que se viñan percibindo cando a duración da licenza por estudos sexa igual ou inferior a 3 meses.

Cando as devanditas licenzas teñan unha duración superior a 3 meses e inferior a un ano, recoñecerase ata o 80% das retribucións que se viñan percibindo, en atención, así mesmo, ao interese científico e académico do traballo a realizar.

Non obstante, este límite poderase superar cando a licenza se enmarque en programas e convocatorias institucionais con financiamento finalista que así o prevexan.

As licenzas para períodos superiores a un ano ou as sucesivas que, sumadas ás xa obtidas durante os cinco últimos anos, superen o devandito período, non darán lugar ao recoñecemento de ningunha retribución. Para este último cómputo non se terán en conta as licenzas que non excedan de dous meses.

Con carácter xeral, as retribucións durante as licenzas a efectos de docencia e investigación son compatibles coas axudas e subvencións que puidesen concederse.

As solicitudes deste tipo de licenza deberán realizarse a través da secretaría virtual do profesorado cunha antelación mínima de 10 días ao desfrute da licenza. O incumprimento deste requisito poderá levar á denegación da solicitude.

Para o non previsto neste apartado estarase ao disposto na normativa estatal de referencia vixente.

4.3. Licenza para perfeccionamento docente.- Aquelas persoas que permanezan ausentes da docencia ou da investigación, polo menos durante dezaoito meses, por causa de enfermidade, accidente, comisión de servizos para unha entidade non académica ou en situación de servizos especiais, terán dereito a gozar dunha licenza para dedicarse a tarefas de perfeccionamento docentes e investigadoras, por un tempo non superior a tres meses, durante os cales recibirán a totalidade das retribucións que percibirían estando no réxime de dedicación ao que estivesen acollidas.

4.4. Licenza por risco no embarazo ou durante o período de lactación natural.- Nos casos de risco no embarazo previstos na lexislación de prevención de riscos laborais en que non sexa posible a adaptación das condicións de traballo, ou esta non elimine o risco, nin sexa posible o cambio de posto ou de funcións da profesora embarazada, esta ten dereito a unha licenza durante o período de tempo necesario para a protección da súa saúde e a do feto, mentres

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

persista a imposibilidade de reincorporarse ao seu posto de traballo ou a outro posto compatible co seu estado.

Así mesmo, nos casos de risco durante o período de lactación natural do fillo/a menor de doce meses previstos na lexislación de prevención de riscos laborais, as profesoras teñen dereito a unha licenza nos mesmos termos regulados na alínea anterior.

Garantirase a plenitude de dereitos económicos do persoal docente e investigador durante o período de goce destas licenzas.

4.5.- Licenza por enfermidade.- As enfermidades que impidan o normal desempeño das funcións do PDI darán lugar, sempre que non proceda a xubilación por declaración de incapacidade permanente, a licenzas, que se concederán consonte o establecido no réxime da Seguridade Social que resulte aplicable.

Os dereitos económicos do persoal docente e investigador durante o período de goce destas licenzas son os previstos na normativa de aplicación.

4.6.- Licenza para supostos de hospitalización prolongada.- O PDI terá dereito a unha licenza sen retribución de ata un mes de duración no caso de hospitalización prolongada por enfermidade grave ou enfermidade que implique repouso domiciliario do/da cónxuxe, da parella de feito ou de parentes que convivan co traballador ou coa traballadora.

4.7.- Reducións e adaptacións da xornada de traballo.

1. O persoal docente e investigador ten dereito á redución da xornada de traballo diaria, coa percepción íntegra das súas retribucións, nos casos e coas condicións que se determinan a seguir:

a) Para atender ao coidado do cónxuxe ou parella de feito, dun familiar de primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, ou dun menor en acollemento preadoptivo, permanente ou simple por razóns de enfermidade moi grave, concederase unha redución por horas completas de ata a metade da duración da xornada de traballo diaria por un prazo máximo dun mes, prorrogable en circunstancias excepcionais e atendendo á extrema gravidade da enfermidade padecida ata unha duración máxima total de dous meses.

Se houbese máis dunha persoa titular do dereito polo mesmo feito causante, o prazo durante o que resulta aplicable a redución da xornada prevista nesta letra poderase ratear entre esas persoas.

b) Para atender ao coidado do fillo menor de idade por natureza ou adopción, ou nos supostos de acollemento preadoptivo, permanente ou simple dun menor, que padeza cancro (tumores malignos, melanomas e carcinomas) ou calquera outra enfermidade grave que implique un ingreso hospitalario de longa duración ou hospitalización a domicilio das mesmas características, e requira a necesidade do seu coidado directo, continuo e permanente acreditado polo informe do Servizo Público de Saúde ou órgano administrativo sanitario da Comunidade Autónoma ou, de ser o caso, da entidade sanitaria concertada

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

correspondente, concederase unha redución por horas completas de polo menos a metade da duración da xornada de traballo diaria, como máximo ata que o menor faga os dezaoito anos, sempre que ambos os dous proxenitores, adoptantes ou acolledores de carácter preadoptivo, permanente ou simple traballen.

No suposto de que ambos os dous proxenitores presten servizos no mesmo órgano ou entidade, este poderá limitar o exercicio simultáneo da redución de xornada prevista nesta letra por razóns fundadas no correcto funcionamento do servizo.

2. O persoal docente e investigador ten dereito á redución da xornada de traballo diaria, con diminución proporcional das súas retribucións, nos casos e coas condicións que se determinan a seguir:

a) Por razóns de garda legal, cando se exerza o coidado directo dalgún menor de doce anos, dunha persoa maior que requira especial dedicación ou dunha persoa con discapacidade que non desempeñe actividade retribuída, concederase unha redución por horas completas da xornada de traballo diaria, coa diminución das súas retribucións que corresponda.

b) Por coidado directo do cónxuxe ou parella de feito ou dun familiar ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade que, por razóns de idade, accidente ou enfermidade, non se poida valer por si mesmo e que non desempeñe actividade retribuída, concederase unha redución por horas completas da xornada de traballo diaria, coa diminución das súas retribucións que corresponda.

c) Para atender ao coidado de fillos prematuros ou que por calquera outra causa deban permanecer hospitalizados a continuación do parto, nos termos previstos pola alínea 3.11.5.

3. O persoal docente e investigador con fillos ou persoas acollidas menores de doce anos ao seu cargo ou con familiares conviventes que, por enfermidade ou avanzada idade, necesiten a asistencia doutras persoas ten dereito á flexibilización da xornada de traballo dentro dun horario diario de referencia.

Idéntico dereito terá o persoal docente e investigador que se encontre en proceso de nulidade, separación ou divorcio, desde a interposición da demanda xudicial ou desde a solicitude de medidas provisionais previas ata transcorridos tres meses desde a devandita demanda ou solicitude.

Delégase nos decanos/as e directores/as de Centro a autorización das licenzas recollidas nos apartados 4.2. Licenza a efectos de docencia e investigación de ata sete días hábiles.

Resolución reitoral de 21 de xuño de 2021, pola que se modifica a resolución reitoral do 4 de marzo de 2020 relativa a vacacións, permisos, licenzas e xornada do persoal docente e investigador da Universidade de Santiago de Compostela.

Artigo engadido: Punto 4.2 modificado por Resolución reitoral de 21 de xuño de 2021.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

QUINTO. PECHE DOS CENTROS UNIVERSITARIOS

De conformidade coa Programación Plurianual e cos obxectivos de aforro enerxético recollidos na actualización do Plan Económico Financeiro de Reequilibrio da USC, aprobado polo Consello Social na súa sesión do 26 de novembro de 2015, os centros docentes, agás o Aulario Novoa Santos, pecharán nas datas que se concreten conxuntamente entre a Xerencia e as direccións dos Centros.

O período de peche de centros non poderá verse afectado por cambios de vacacións, salvo que concorran causas excepcionais debidamente xustificadas.

No caso de ser precisa algunha aclaración puntual respecto dos días de peche, a Vicerreitoría con competencias na materia de profesorado ditará a correspondente instrución aclaratoria, previa comunicación aos órganos de representación sindical.

SEXTO. XORNADA DE TRABALLO

6.1 Xornada ordinaria de traballo Será de 35 horas semanais.

Os centros, con carácter xeral, permanecerán abertos de 8.00 a 22.00 horas, salvo necesidades do servizo ou especificidades que se poidan dar en cada un deles.

6.2 Xornada de verán

Con carácter xeral, nos meses de xuño, xullo e agosto a xornada semanal será de 30 horas de traballo.

Os centros docentes e as bibliotecas permanecerán abertos de 9:00 a 21:00 horas.

6.3 Xornada en Semana Santa e Nadal Con carácter xeral, nos períodos de Semana Santa e Nadal, a xornada diaria será de 6 horas de traballo. Os centros docentes e as bibliotecas permanecerán abertos de 9:00 a 21:00 horas.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

Calquera mellora en materia de permisos no ámbito do persoal docente e investigador (PDI) laboral será de aplicación tamén para o PDI funcionario e viceversa, sempre que o ámbito regulador o permita.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

Corresponderá á Vicerreitoría con competencias en materia de profesorado ditar as instrucións ou aclaracións que foran necesarias na aplicación e actualización anual, se procede, desta resolución.

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA

Estarase ao que dispoña a Xerencia da USC no relativo á aplicación á USC do calendario de festas non recuperables na Comunidade Autónoma de Galicia, festas de ámbito local non recuperables, e dos días festivos universitarios e festivos dos centros , así como no que respecta a concreción dos días festivos de ámbito nacional ou autonómico de carácter retribuído non recuperable que coincidan en sábado ou domingo e dos períodos de Semana Santa e Nadal e naqueloutros apartados que sexan de aplicación xeral a todo o persoal da USC.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMERA. Ampliación progresiva do permiso do proxenitor distinto a nai biolóxica.

A ampliación do permiso do proxenitor distinto a nai biolóxica por nacemento, garda con fins de adopción, acollemento ou adopción dun fillo ou filla farase de forma progresiva, de tal xeito que:

En 2021: Permiso de dezaseis semanas, con 6 semanas de descanso obrigatorias, ininterrompidas, a xornada completa e inmediatamente posteriores á data de parto, da decisión administrativa de garda con fins de adopción ou acollemento, ou da resolución xudicial pola que se constitúa a adopción. As dez semanas restantes son de descanso voluntario, e poderán ser gozadas a xornada completa ou parcial, continuadas ou ininterrompidas. Neste último suposto (ininterrompidas) gozaranse dende que finalicen as seis semanas obrigatorias de descanso para a nai ou con posterioridade á finalización dos permisos por nacemento e/ou adopción, garda con fines de adopción ou acollemento.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA. Entrada en vigor da ampliación do permiso por nacemento para a nai biolóxica e por adopción e acollemento a 22 semanas .

A nova duración do permiso por nacemento para a nai biolóxica e do permiso por adopción ou acollemento será aplicable tamén a aquel persoal docente e investigador que veña gozando de tales permisos no momento da entrada en vigor desta Resolución.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA TERCERA. Réxime transitorio dos procedementos.

Con carácter xeral os procedementos tramitaranse a través da sede electrónica. Non obstante, manterase a tramitación en papel daqueles procedementos que aínda non estean dispoñibles na sede electrónica.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda sen efecto a resolución reitoral do 16 de maio de 2019 relativa a vacacións permisos licenzas e xornada do PDI da USC, agás os Anexos I e II que seguen vixente. Así mesmo, quedan sen efecto as demais regulacións que se opoñan ao disposto nela.

DISPOSICIÓN FINAL

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.

A presente resolución terá efectos a partir da súa publicación no taboleiro de anuncios electrónico oficial da USC e manterá a súa vixencia mentres non se produzan cambios normativos que deban ser incorporados.

Tamén se publicará na web do Servizo de Planificación de Persoal Docente e Investigador http://www.usc.es/profesorado.

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2020

O reitor,

Antonio López Díaz

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal. Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.